



CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A ORGANIZACIÓN INTERPROFESIONAL LÁCTEA (InLac) PARA O FOMENTO DO CONSUMO DE LEITE E DERIVADOS LÁCTEOS NA POBOACIÓN DA COMUNIDAD AUTÓNOMA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que o 31.01.2017 a Consellería de Sanidade formalizou coa Organización Interprofesional Láctea (InLac) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura e ata o 31.12.2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes en base, entre outras, ás seguintes liñas de actuación:

- Obter consenso sobre as recomendacións de consumo de alimentos de orixe láctea de acordo cos estándares e recomendacións nacionais e internacionais e oportunidades para a saúde.
- Promover o desenvolvemento de programas divulgativos e de formación para mellorar o coñecemento dos hábitos de consumo dunha alimentación saudable adaptados aos distintos sectores ou grupos de poboación.
- Impulsar a investigación buscando os posibles efectos beneficiosos e nutricionais dos alimentos lácteos.
- Promover accións de carácter preventivo e de sensibilización.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución dos obxectivos referidos, os cales poderán concretarse a través da formalización dos correspondentes convenios específicos de colaboración para o desenvolvemento de traballos, actividades ou proxectos determinados.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

No artigo 49 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que inclúe entre as prestacións sanitarias do Sistema Público de Saúde de Galicia o establecemento de estándares e medidas de promoción de estilos de vida saudables e de prevención, a través da educación para a saúde, o control sanitario e a prevención dos riscos para a saúde, coa fin de garantir a protección efectiva da saúde así como o dereito a unha educación sanitaria e información axeitada que propicie a adopción de hábitos e estilos de vida saudables, entre outros. O desenvolvemento dos distintos programas e accións dirixidos á consecución destes obxectivos corresponde á Consellería de Sanidade, de conformidade co disposto no Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.



Pola súa banda, InLac é unha organización interprofesional que engloba a todo o sector lácteo de España, e cuxa misión é representar os intereses comúns da cadea do sector lácteo de vaca, ovella e cabra, deseñando, acordando e implantando medidas dirixidas cara a súa vertebración e estabilidade sectorial. Asemade, InLac contempla a colaboración coa administración no desenvolvemento das súas actividades de información, formación ao consumidor e promoción de estilos de vida saudables, impulsando tamén accións ou actividades de investigación e innovación que poñan en valor a imaxe do leite e os produtos lácteos pola súa calidade e valor nutricional.

Na actualidade existe unha elevada prevalencia de enfermidades crónicas asociadas aos patróns alimentarios e de actividade física, o que obriga a establecer un marco de actuación que permita crear as condicións mais axeitadas para que a poboación alcance un estado óptimo de saúde e benestar.

As razóns de interese público que constitúen o obxecto do convenio, así como os intereses converxentes das partes asinantes (en tanto que as accións previstas constitúen unha vía para a consecución dos fins que teñen atribuídos), exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 15 de febreiro do 2017.